



SOLICITANTE			
NOME:	XOSE MANUEL	PRIMEIRO APELIDO:	PEREZ
SEGUNDO APELIDO:	SARDIÑA	NIF/NIE:	32665330V
ENDEREZO POSTAL:	Formarís 11		
CIDADE:	Cabanas	PROVINCIA:	A Coruña C.P.: 15611
TELÉFONO FIXO:		TELÉFONO MÓBIL:	
CORREO ELECTRÓNICO:	XMPS@HOTMAIL.COM		
ENDEREZO ELECTRÓNICO HABILITADO:			

Actuando en nome propio Representando, en calidade de _____ a:

INTERESADO			
NOME/RAZÓN SOCIAL:		PRIMEIRO APELIDO:	
SEGUNDO APELIDO:		NIF/CIF:	
ENDEREZO POSTAL:			
CIDADE:		PROVINCIA:	C.P.:
TELÉFONO FIXO:		TELÉFONO MÓBIL:	
CORREO ELECTRÓNICO:			
ENDEREZO ELECTRÓNICO HABILITADO:			

CANLE DE NOTIFICACIÓN	
<input checked="" type="radio"/> Tradicional	
<input type="radio"/> Telemático	

EXPON
Ao abeiro da lexislación vixente presenta proposta para o seu debate e votación no pleno ordinario de outubro de 2017





SOLICITA

A tramitación e inclusión na orde do día do Pleno da proposta engadida

Para cubrir pola Administración. A lista de documentación que se xunta xerarase automaticamente.

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

- Proposta Somos Cabanas sobre memoria historica (MGM-SOMOSoutubro2017-Memoria Hca)

Cláusula xeral:

De acordo co disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, informámolo/a de que os datos persoais facilitados se incorporan e manteñen nun ficheiro titularidade do Concello, coa finalidade de poder atender a súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, podendo ser cedidos só nos casos previstos na Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, na medida en que a lei o permita, dos seus datos, comunicándollos por escrito ó Concello, achegando copia de documento que acredite a súa identidade.



ASUNTO: pola recuperación da memoria histórica

Ó abeiro do establecido na lexislación vixente o Grupo político municipal Mixto a través do seu voceiro de Somos Cabanas - Participación Democrática Directa presenta a seguinte proposta para o seu debate no vindeiro Pleno ordinario da Corporación de outubro de 17:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vanse facer dez anos desde a aprobación da Lei 52/2007, do 26 de decembro, pola que se recoñeceron e ampliaron dereitos a través de medidas en prol de quen padeceu persecución ou violencia durante a Guerra Civil e a Ditadura. Despois da primeira lei de Amnistía, que o movemento memorialista non dubidou en cualificar como "de punto final", esta lei da memoria histórica constitúe un exercicio democrático imprescindible aínda que limitado, tendo en conta que o Estado segue sendo un dos países do mundo con máis vítimas por desaparición forzosa, e o escaso desenvolvemento producido desde as institucións en materia de memoria histórica da represión fascista, polo que resulta aínda máis necesario se cabe o estrito cumprimento dos obxectos desta lei.

Por unha banda, recoñecer e ampliar dereitos a prol de quen padeceu persecución ou violencia, por razóns políticas, ideolóxicas, ou de crenza relixiosa, durante a Guerra Civil e a Ditadura; promover a súa reparación moral e a recuperación da súa memoria persoal e familiar; e adoptar medidas complementarias destinadas a suprimir elementos de división entre os cidadáns, todo iso co fin de fomentar a cohesión e solidariedade entre as diversas xeracións ao redor dos principios, valores e liberdades constitucionais.

E polo outro, desde as administracións públicas incluídas os concellos, fomentar os valores e principios democráticos, facilitando o coñecemento dos feitos e circunstancias acaecidos durante a Guerra Civil e a Ditadura, e asegurando a preservación dos documentos relacionados con ese período histórico depositados en arquivos públicos. Deste xeito, en directa aplicación desta lei, o Estado, coa participación de todas as administracións públicas, debe garantir o dereito das familias das persoas desaparecidas a coñecer as circunstancias da morte, o paradiro de persoas, promover a súa reparación moral, a recuperación da súa memoria persoal e familiar. Para iso, a Lei recolle (arts. 11 a 14), a obrigação das Administracións Públicas de facilitar os medios e a información para localizar e identificar as vítimas desaparecidas ou asasinadas e enterradas en foxas dentro dos cemiterios, ou nas cunetas, ou en terreos públicos ou privados. Aínda que a realidade actual, demostra a escasa aplicación desta regulación, de modo que os familiares das vítimas da represión da ditadura seguen sometidos a unha auténtica carreira de obstáculos insalvables na maioría dos casos. Despois de máis 40 anos da morte do ditador, a obtención de verdade, xustiza e reparación por parte das vítimas está moi lonxe de ser unha realidade. Por non falar da impiedade, pois nin unha soa persoa respondeu ante a xustiza polos crimes cometidos durante o franquismo.

Por todo iso, presenta para a súa aprobación a seguinte PROPOSTA DE ACORDO

1.- O Concello de Cabanas acorda sumarse á iniciativa do Concello de Ferrol para honrar os cidadáns e cidadás da comarca asasinados por seren republicanos, como foi o caso entre outros veciños de Álvaro Puentes Antón, Manuel Buhigas Novo, Juan Pereira Maceiras e Joaquín Rodríguez Rodríguez, concelleiros desta Corporación na II República.

Cabanas, 17 de outubro de 2017

Xosé Manuel Pérez Sardiña